

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A CATRO DE AGOSTO DE DOUS MIL QUINCE

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día catro de agosto de dous mil quince, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, Dª Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

#### **PRIMEIRO.- CONSTRUCIÓN INMEDIATA DUNHA RESIDENCIA DE ANCIÁNS PARA A TERCEIRA IDADE.**

A Sra. Alcaldesa da lectura á convocatoria para ceder a continuación a palabra ao voceiro do grupo socialista, o Sr. Veloso González.


O referido concelleiro inicia a súa intervención presentando aos novos concelleiros do grupo socialista e cun rogo pola colaboración na procura de solucións, esquecendo as disputas das eleccións.

En relación co primeiro punto da orde do día, manifesta que se trata dun asunto que levou no seu programa electoral, xa que o Concello de Lobios carece dunha residencia para a terceira idade, a pesar da súa poboación. Sinala que debe procurarse un acordo aproveitando o financiamento europeo para a construcción dunha residencia que sexa propiedade do Concello. Este asunto tamén estaba incluído no programa do Partido Popular, polo que recomenda deixar a un lado as diferencias políticas e dar unha solución aos veciños, habida conta da considerable perda de poboación que sufre o Concello na actualidade. Despoboación evidente que levará á correspondente redución do número de concelleiros.

Tras esta análise, pretende lograr un acordo unánime para a construcción da residencia. Engade que durante a campaña electoral tivo ocasión de visitar outras residencias da comarca onde na actualidade viven veciños de Lobios.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa quen manifesta que o seu grupo estivo traballando neste asunto. Interésalle saber a que fondos europeos se refire para o financiamento deste tipo de investimentos. Engade que se levaron a cabo contactos coa Xunta de Galicia para unha futura construcción da residencia, así como coa Fundación San Rosendo. Pon de manifesto que o Concello carece de terreos axeitados para executar esta obra, e que durante o pasado exercicio estivose tramitando en Catastro a regularización dos terreos necesaria e previa a tal construcción. De todo o cal é coñecedor.





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Respondelle o Sr. Veloso González que o único que lle interesa e axudar ao pobo e que o Concello non ten nada estudiado nin nada destinado a tal efecto. Pretende votar un acordo para levar a cabo a construcción da residencia buscando financiamento.

Por parte do grupo popular propón a Alcaldía a continuación das labores necesarias para a construcción da residencia.

A petición da Alcaldía, intervén a Secretaria-Interventora para explicar aos/as presentes que durante o ano 2014 estivéreronse levando a cabo en Catastro varios trámites destinados a regularizar a situación xurídica dos terreos necesarios ao efecto de levar a cabo o futuro proxecto de construcción dunha residencia para a 3ª idade. Así, resulta que en Catastro figuraban terreos de titularidade municipal a nome doutras persoas polo que foi necesario acadar o consentimento destas conforme os terreos non eran seus, e ao mesmo tempo integrar nunha sola parcela a totalidade de tales terreos, co obxecto de dispoñer da superficie necesaria para a expresada finalidade.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña para preguntar a Alcaldía que é o que fixeron na lexislatura.

A Sra. Alcaldesa manifesta o seu compromiso de construcción dunha residencia.

O Sr. Veloso González amósase de acordo en votar a favor de algo positivo.

Non habendo mais intervencións, e sometido a votación, resulta aprobado pola unanimidade dos presentes o compromiso de construcción dunha residencia.

## SEGUNDO.- CONSTRUCCIÓN INMEDIATA DUNS SERVIZOS PÚBLICOS EN OS BAÑOS DE RIOCALDO, COMPOSTOS DE ASEOS.


Inicia a súa intervención o Sr. concelleiro D. Francisco Veloso González destacando a necesidade de limpeza da zona de Os Baños de Riocaldo. A área termal é o punto forte do Concello e debería limpíarse unha vez ao día, ben coa contratación dun traballador ben co GES. O seu obxectivo é facer algo similar á Chavasqueira de Ourense. O Concello de Lobios regalou as augas termais e o balneario está a incumprir os seus compromisos. Engade que se deberían colocar uns aseos móbeis na zona para rematar o verán, dado que esa zona é a base do turismo do Concello. Coa imaxe que da o Concello a xente que ven de fora non volve. Resulta preciso converter a Riocaldo nun lugar turístico limpo e hixiénico, cunhas normas para o uso das instalacións. Habería que buscar un acordo coa Fundación San Rosendo para lograr unha zona tipo Outariz. No caso de que o Concello non tivese cartos, xa se buscaría alguén que o fixera.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa quen informa aos/as Sres./as. Concelleiros/as e público asistente, que o GES encárgase da limpeza da zona dúas veces á semana.

Interrompe o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña para cuestionar o manifestado pola Alcaldía.

A Sra. Alcaldesa retoma a palabra e pasa a explicar o problema dos lodos que se forman nas piscinas derivados das propiedades do tipo de auga termal. Por outra banda, manifesta que non son partidarios dunha explotación termal aberta tipo Chavasqueira ou Outariz. Continúa sinalando que na actualidade estase a levar a cabo un estudio integral da zona a través do programa de termalismo de Deputación, na procura dunha explotación sostible do recurso da auga termal do Concello, para superar a situación deficitaria da zona de Riocaldo. Amósase a favor da instalación duns baños portátiles de pago, para o cal será necesaria a autorización da CHM-S, xa que o Concello non dispón de terreos.

O Sr. Veloso González manifesta que a colocación dos baños é posible, que hai terreo municipal e senón se buscaría un terreo acorde. Engade que non pretende gañar ningún debate, o problema é a alarma causada pola falta de hixiene da zona. Advírteloa que a Fundación S. Rosendo non é a propietaria do Concello. Os veciños de Lobios investiron os seus cartos no concello e teñen dereito a que isto funcione. A Fundación S. Rosendo incumple contratos e pecha cando non tiña que facelo. O que había que facer era levar todo o expediente á Fiscalía, xa que o único que fixeron foi crear algún posto de traballo e nada más. Que non hai mais que ir a Ourense e ver a xente que está traballando e facer algo parecido. Insiste en que o único que pretende é lograr a hixiene da zona e dar unha boa imaxe. Se se lograse empregar a alguén sería unha boa cousa, que se vexa que o Concello loita polo río de Lobios. Dirixíndose en concreto á Sra. Alcaldesa,



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

manifesta que se busca respecto, primeiro ten que respectar. Que houbo cambios, entón hai outras formas de traballar. Que primeiro escoite e despois escoitará el. Que ela está para dar exemplo, e que tiña que preocuparse de sanear Riocaldo. Finalmente, concreta a súa proposta reclamando para a zona de Os Baños de Riocaldo a instalación duns servizos móbeis e a contratación dun traballador.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa para manifestar que nunca lle faltou ao respecto e sempre lle escoitou. Infórmalle que é precisa a autorización da CHM-S xa que o Concello non ten terreos alí. Destaca asimesmo o outro problema que hai que é a falta de civismo por parte dos/as usuarios/as. Pídelle que concrete a súa proposta en relación coa busca de cartos para pagar ao traballador, xa que o Concello non pode contratar a ninguén.

Neste punto intervén o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira para preguntar se a Fundación S. Rosendo ten terreos da súa propiedade fora das portas.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que os terreos restantes son da CHM-S.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Domingo Veloso Silva para informar que se está a estudiar este tema xa que en Catastro aparecen todos os terreos a nome da CHM-S.

Prodúcese neste momento unha breve discusión entre todos/as os/as concelleiros/as sobre a situación das titularidades dos terreos de Riocaldo.

Intervén novamente a Alcaldía para explicar que o Concello comprou os terreos no seu día, pero ata que se emende isto, os terreos fora do muro pertenecen á CHM-S. Coa finalidade de chegar a algún acordo, concreta a proposta inicial do grupo socialista manifestando que se a CHM-S autoriza a colocación de baños na zona podería levarse a cabo.

Pola súa banda, o Sr. Veloso González insiste en que se debería loitar pola limpeza e o futuro turístico do Concello.

Finalmente a proposta queda concretada en colocar nesa zona uns aseos onde se poida, ben coa autorización da CHM-S, ben nun terreo particular que autorizase a súa colocación, e limpeza diaria da zona.

Continúa o Sr. Veloso González coa posibilidade de ampliar o horario de limpeza das charcas.

Intervén o Sr. Concelleiro D. David Delgado Fernández para propoñer algo de control na zona xa que pola noite é unha festa.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa sobre a posibilidade de mais presencia da Garda Civil na zona na época estival, xa que o Concello non dispón dunha policía local. Déuselle traslado á Garda Civil e ao Parque buscando axuda ao respecto. Valorouse a posibilidade de baleirar a piscina pola noite, pero finalmente se rexitou esta idea, xa que a xente taponaba a saída con pedras e trapos, e de remate causaba mais problemas dos que se pretendían evitar. En relación coa contratación de persoal, insiste a Alcaldía sobre a imposibilidade do Concello ao respecto e que sexa o grupo socialista a súa proposta sobre contratación do traballador.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, resulta aprobado pola unanimidade dos presentes o acordo de colocar nesa zona uns aseos onde se poida, ben coa autorización da CHM-S, ben nun terreo particular que autorizase a súa colocación, e limpeza diaria da zona.

## TERCEIRO.- EXECUCIÓN INMEDIATA DAS OBRAS ORZAMENTADAS POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A AXUDA DO TERMALISMO DE OURENSE.

O Sr. Veloso González da inicio a súa intervención mediante a lectura da súa proposta, que se recolle de seguido:

3. Ejecución inmediata de las obras presupuestadas por la Diputación de Ourense para ayuda al termalismo de Lobios.

Subvenciones y proyectos ejecutados años 2014/2015.





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

Ha causado alarma social las ayudas concedidas por la Diputación para el termalismo de Lobios, 41.000€ y otras no ejecutadas correctamente.

Urge la retirada de un panel informativo de 50.000€ en la zona termal de Baños de Rio Caldo por la falta de seriedad y veracidad del mismo.

Han de colocarse farolas que iluminen la zona y acondicionar la charca termal debidamente».

Explícale a continuación a Sra. Alcaldesa que as axudas da Deputación destinadas ao termalismo foron dispostas para a reparación das beirarrúas da zona que se atopaban en moi mal estado, en resposta das demandas veciñais ao respecto. Que actualmente na zona pódese ver o cartel referido á segunda fase da obra que será feita directamente por Deputación.

O Sr. Veloso González afirma que non tivo acceso ao expediente completo e que non viu o proxecto.

Intervén neste intre a Secretaria-Interventora quen manifesta que o que acaba de decir o Sr. Veloso González non é certo. De feito, previamente á celebración desta sesión estivo no seu despacho examinando o expediente S-2014/087. 06-14/OB-CM. Adecuación e mellora da área termal de Os Baños. Programas de cooperación da Deputación Provincial para o ano 2014, retirando copia de determinada documentación integrante do mesmo. E que en Secretaría se dispuxa dunha copia do proxecto en PDF que igualmente se lle amosou.

Retoma a palabra a Sra. Alcaldesa quen explica que a reparación das beirarrúas sería unha primeira parte e os investimentos destinados ás charcas entrarían no Plan Integral con fondos europeos, no que participan Deputación Provincial, concellos da Baixa Limia e cámaras portuguesas.

Manifesta o Sr. Veloso que o que lle interesa é que se dea traslado do expediente (S-2014/068) á Fiscalía para evitar responsabilidades. Quere que nas obras que faga o Concello se lle dea traballo ás empresas do Concello. Que a obra do ano 2014 se lle deu a unha empresa que non é de aquí. Todo elo para evitar o despoboamento.

Indica a Sra. Alcaldesa que se trata dun proxecto contratado pola Deputación e que xa está en marcha.

O Sr. Veloso afirma que as beirarrúas superan co IVE os 110.000,00 euros. Solicita que se informe á Fiscalía sobre a legalidade do proxecto, toda vez que se lle adxudica sempre a mesma empresa, para evitar responsabilidade persoal.

Por parte da Sra. Alcaldesa insístese en que o estado no que se atopaban as beirarrúas de Riocaldo facía necesario proceder a súa reparación e mellorar o acceso á zona termal.

O Sr. Veloso di que causa alarma social que as obras se lle adxudiquen sempre á mesma empresa. Continúa dicindo que se non se pode ou non se quiere cambiar o destino dos fondos, sería interesante mellorar a iluminación da zona dentro da actuación proxectada por Deputación, incrementando o número de farolas.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que o proxecto xa foi aprobado e que non inclúe farolas, polo que non poderían votar a favor deso.

Contéstalle o Sr. Veloso que nese caso sexa o Concello quen pague os novos puntos de luz.

A Sra. Alcaldesa explica que se procedeu á colocación dun foco que iluminase a piscina, e que na zona comprendida entre o muro e o río non se pode colocar ningún elemento fixo porque se trata dunha zona inundable.

O Sr. Veloso González manifesta que agora resulta que non se pode mellorar a iluminación da zona porque teñen medo ás inundacións. Afirma que moito medo lle teñen á CHM-S. Explica que colocar dúas ou tres farolas mais para que a zona quede bonita e ademais se evitarían os problemas que xorden pola noite.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Domingo Veloso Silva, quen propón que se agarde ao proxecto para ver como queda a zona, para evitar gastos en puntos de luz que despois haxa que retirar.

Insiste a Sra. Alcaldesa na cuestión das limitacións das zonas inundables. Con todo lle pide ao Sr. Veloso González que identifique a zona onde as quere poñer.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Veloso sinala que se o Concello non ten cartos que o pagan os veciños.

Non habendo mais intervencións sométese a votación a proposta recollida neste punto terceiro, que resulta aprobada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: cero
- Abstencións: seis (PP). Ata que se indique o lugar onde se queren colocar os novos puntos de luz.

## CUARTO.- NA ZONA DA PRAZA ROXA DE LOBIOS, DEBEN CAMBIARSE OU PINTARSE AS BARANDILLAS LINDANTES CO RÍO DE VERDE.

O Sr. Veloso González da inicio a súa intervención poñendo de manifesto unha serie de carencias na Praza Roxa que se poderían arranxar. Sinala que unha coñecida empresa fixo alí unha obra e que nin se dignaron a arranxar a ponte. Que así como nun aparcadoiro moi céntrico está todo moi pintado, tamén se debería pintar alí para que quede bonito.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que son conscientes do deterioro da Praza Roxa. A medida que foron xurdindo liñas subvencionais foron acometendo obras nesa zona. Están de acordo en que áinda quedan cousas por mellorar, e que continuarán facendo actuacións para mellorar, incluído o pintado de aparcadoiro.

Fixase a proposta a debater e votar no pintado e mellora da ponte.

A Sra. Alcaldesa diríxese ao Sr. Veloso González e lle invita a que achegue unha proposta económica do custe de arranxar estes elementos.

O Sr. Veloso respóndelle que se encargará el persoalmente de achegarlle unha proposta económica por menos de 200,00 euros para pintar a barandilla e colocación de táboas na ponte para evitar que alguém se faga dano. Engade que para pagar impostos non hai problema, e que se o Concello non quere pagar, pagará el ou os particulares. Remata afirmando que por 130,00 euros se pode facer.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, resulta aprobada pola unanimidade dos presentes a proposta de pintado e mellora da ponte cun orzamento estimado de entre 130,00 e 200,00 euros.

## QUINTO.- LIMPEZA DA ÁREA RECREATIVA DE GROU.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado para manifestar que na área recreativa de Grou hai varias cousas en mal estado.

Respóndelle a Sra. Concelleira, Dna. Elsa Susana Pena Fernández quen afirma coñecer tal problemática. Sinala que Protección Civil estivo facendo limpeza mediante o lavado da piscina e desbroce.

O Sr. Fernández Delgado manifesta que a zona debería limpíarse unha vez ao mes.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa para engadir que no verán foi desbrozada mínimo dúas veces.

Intervén o Sr. Veloso González para dicir que as plaquetas están levantadas e o parque infantil atópase en mal estado.

A Sra. Pena Fernández quéixase de que a xente rompe cousas.

Propón o Sr. Fernández Delgado o cambio das farolas baixas por outras altas para evitar a súa rotura, como as que están á entrada, para evitar actos de vandalismo.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, resulta aprobada pola unanimidade dos presentes a proposta de fazer unha previsión de melloras na zona.





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### SEXTO.- COLOCACIÓN DUN SINAL INFORMATIVO EN LOBIOS ANTE A PROHIBICIÓN EXISTENTE EN PORTUGAL, NA FRONTEIRA PORTELA DO HOME PARA CIRCULAR VEHÍCULOS PESADOS, CAMIÓNS E OUTROS.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González para poñer de manifesto o risco derivado da circulación de vehículos pesados que despois se perden e teñen que manobrar na Portela d'Home co perigo que iso implica. Trátase dun tipo de tráfico que debería ir por Lindoso e se perden chegando á Portela d'Home, onde non poden manobrar. Engade que se debería colocar en Lobios, no cruce da zona da gasolinera unha placa informativa de prohibición que ten Portugal. Resulta necesaria a súa colocación para evitar accidentes.

Lémbralle a Sra. Alcaldesa que xa achegou un escrito cun contido similar, do que se deu traslado á COTOP, en tanto que é a Xunta a titular da estrada, e é a ela a quen lle compete a súa sinalización.

O Sr. Veloso responde que debe ser o Concello quen informe disto. Que non divague. Insiste no risco que implica a circulación pola velocidade destes vehículos na zona.

Insiste a Sra. Alcaldesa en que non se trata dunha competencia municipal pola titularidade da estrada.

O Sr. Veloso manifesta o seu desacordo, e afirma que o Concello é competente de sinalizar e informar. Resulta precisa a colocación dunha placa informativa avisando de que na Portela d'Home non se pode cruzar. De producirse un accidente será responsable o Concello. O Concello de Lobios debe sinalizar para ordenar o tráfico e velar pola seguridade. A colocación dunha plaqüina informativa advertindo que en Portugal os camiños non poden cruzar por alí tería un custe inferior a 100,00 euros. Sería unha neglixencia que o Concello non informase sobre iso tendo en conta o custe que implica. Se se quere ser turístico hai que informar, hai que intentar facer algúm cambio. Pequenos cambios que lle dean un aire novo.

A Sra. Alcaldesa manifesta que a postura do seu grupo será a da abstención ata que a COTOP lle dea resposta ao seu escrito.

Concrétase a proposta do grupo socialista na colocación dun sinal informativo na zona do embalse de Lindoso, intersección coa estrada 312-Lobios, ante o trastorno e perigo que xera a perda da ruta dos camiños, especialmente de noite, ao estar prohibido o seu acceso en Portugal.

Non habendo mais intervencións sométese a votación a expresada proposta, que resulta aprobada, sendo o sentido da votación o seguinte:


- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: cero
- Abstencións: seis (PP)

### SÉTIMO.- SINALIZACIÓN E PINTADO DE PASO DE PEÓNS EXISTENTE NA RÚA ESTRADA DE PORTUGAL N° 86 INTERSECCIÓN COA ESTRADA AO PARAÑO.

Neste punto afirma o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, que é de dominio público que os veciños de Lobios cruzan por esta intersección que carece dun paso de peóns por estar borrado, e ademais o espello visor está roto.

A Alcaldía manifesta o seu acordo co pintado do paso de peóns. Polo que atinxe ao espello manifesta que non é necesario porque a COTOP non permite xirar hacia O Paraño.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, resulta aprobada pola unanimidade dos presentes a proposta de pintado do cruce de peóns.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### OITAVO.- COLOCACIÓN EN SAN PAIO DUNHA ANTENA QUE PERMITA A COBERTURA DOS TELÉFONOS MÓBILES.

O Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González da comezo a súa intervención neste punto oitavo poñendo de manifesto que na parroquia de San Paio existen zonas sen cobertura o que afecta ao turismo do lugar.

Engade o Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez a posibilidade de valorar a colocación dun repetidor que permita dar cobertura a estas zonas.

Continúa o Sr. Veloso González manifestando en que non procede negar a cobertura de móvil en pleno século XXI. É preciso votar a favor e despois xa se buscará a forma e medios económicos para solucionar este tema. Que tampouco cree que custe tanto.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa quen informa aos/as presentes que houbo conversas con diferentes operadores; que os particulares de Gustomeau non deixaron; en A Vila non o permitiu Patrimonio, e que neste intre están pendentes de que autorice Patrimonio un repetidor de sinal de menor tamaño, na procura de zonas sen sombra.

Intervén o Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez quen propón intentar contactar coas comunidades de montes para lograr a súa autorización para a colocación das antenas, e acadar a cobertura duns servizos mínimos nesta área.

Non habendo mais intervencións e sometido a votación, resulta aprobada pola unanimidade dos presentes a proposta de colocación dunha antena de telefonía móvil que dea cobertura á parroquia de San Paio.

### NOVENO.- CONTRATACIÓN INMEDIATA DUN LICENCIADO EN MEDICINA (MÉDICO) PARA DAR SERVIZO AOS VECIÑOS DE LOBIOS DE XEITO GRATUITO.

Inicia a súa intervención o Sr. Veloso González lembrando aos/as presentes que o Concello de Lobios carece de atención médica durante as tardes, noites e fins de semana. Que hai 37 km. para acceder aos servizos médicos mais próximos. Que se trata dun compromiso político cos/as veciños/as, e que fará un esforzo para que se entenda a súa proposta.

Comenta que neste momento o Concello de Lobios só dispón dun médico. Que se poderían aproveitar os espazos dispoñibles, como por exemplo a *Casa do Médico*, para que fose utilizado por un médico privado contratado polo Concello, o cal resultaría moi interesante para todos os Concellos da Baixa. Ter un licenciado en medicina para atender aos/as veciños/as, incluso podería ser doutro país. Poderíase contratar a alguén por 600,00 euros que viría a complementar a labor do GES.

Así pois, a proposta que somete á consideración do Pleno é a de estudiar a posibilidade de traer unha persoa que complete o servizo médico no pobo polas tardes, noites e fins de semana ao que se lle podería deixar a *Casa do Médico* para prestar este servizo.

Conclúe a súa intervención afirmando mellor un médico que un alcalde: aquel presta un servizo maior aos veciños.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa quen lle pide ao Sr. Veloso González que aclare a súa proposta: ¿estudio ou contratación inmediata?

O Sr. Veloso González da lectura a proposta contida no punto noveno do seu escrito de data 16 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

#### 9. La contratación inmediata de un licenciado en medicina (médico) para dar servicio a los vecinos de Lobios de forma gratuita.

*Por las tardes, noches y fines de semana Lobios carece de servicio sanitario médico, estando las guardias aproximadamente a 37 kilómetros de viviendas de este Ayuntamiento, con el riesgo de acudir a Bande y no ser atendidos debiendo desplazarse a la ciudad de Ourense.*





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

*La carencia de médico supone una quiebra en el futuro de Lobios, ante la inseguridad que se genera en vecinos de edad avanzada y turistas que acuden al lugar y los Hoteles.*

Logo da súa lectura, o Sr. Veloso cambia a súa proposta a '**Débese contratar....'**

A Sra. Alcaldesa explica aos/as presentes que recentemente houbo concurso de persoal no Centro de Saúde, e que se puxo en coñecemento do SERGAS a necesidade de que haxa sempre dous médicos.

Engade que a contratación dun médico privado polas tardes e noites, sen os medios necesarios para atender as urgencias, sen receitas e sen historiais médicos, co custe dos medicamentos, non resolvería nada. Para os casos graves o Concello de Lobios sufraga unha ambulancia, existe o PAC de Bande e senón a Ourense, así como a ambulancia medicalizada e o helicóptero do SERGAS.

Pola súa banda, o Sr. Veloso González insiste na contratación dun médico para a atención urgente aos veciños de xeito gratuito. Non solo está o GES para prestar o servizo. O tema do médico é necesario dada a situación xeográfica da zona. Non se pode deixar illado ao Concello. Afirma que os particulares estarían dispostos a pagar para dispoñer dun médico. Poderíase crear un imposto para o financiamento deste servizo. Afirma que un licenciado en medicina non custa tanto, por 700,00 euros habería xente interesada.

Manifesta a Sra. Alcaldesa que están divagando e que debería achegar datos concretos do custe deste servizo.

O Sr. Veloso lle responde que se encarga el persoalmente de traer un licenciado en medicina que sexa realmente médico, que o Concello lle dea casa e que traballaría por 700,00 euros. Aos 700,00 euros haberá que sumarlle o seguro.

Neste intre prodúcese unha discusión entre o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, e a Sra. Alcaldesa.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP)
- Abstencións: cero

## DÉCIMO.- BEIRARRÚAS DE GROU.

En relación con este punto, toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado, quen solicita do grupo de goberno aclaración sobre a situación na que se atopan as beirarrúas de Grou.

A Sra. Alcaldesa infórmalle que a construcción das beirarrúas iniciouse no ano 2014 e que na actualidade trátase da continuación desa primeira fase. Neste intre atópase en fase de elaboración do proxecto por parte da Deputación Provincial.

O Sr. Fernández Delgado pregunta se non sería mellor destinar estas axudas para rematar a estrada.

A Sra. Alcaldesa lle explica que esta axuda está destinada a esta finalidade concreta. No caso contrario perderíase.

Entendendo os/as presentes que neste punto da orde do día non hai proposta algúnhha que votar dáse por rematado o mesmo.

## DÉCIMO PRIMEIRO.- MUSEO NUMISMÁTICO. APERTURA.

O Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González da comezo a súa intervención neste punto décimo primeiro en relación coa apertura e limpeza do museo solicitada polo titular das moedas. Achega o rogo de intentar



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

abrido os días que se poida, por exemplo os días de feira. Propón a posibilidade de ter un diálogo co dono do museo para ver o tema da apertura do mesmo.

A Sra. Alcaldesa lle responde que o horario actual do museo é o do Concello. Fora desto non hai persoal que se faga cargo deste traballo, ademais da escasísima demanda de visitantes. Engade que co Sr. Jaime Paz Molina xa se dialogou en múltiples ocasións.

O Sr. Veloso propón que se abra todos os días do verán, agosto e setembro, e que se podería encargar Fina para atender o museo sen cobrar nada.

A Sra. Alcaldesa pola súa parte lle responde que deberá ser a propia interesada quen faga unha proposta por escrito de atender o museo sen cobrar nada. Tendo esta solicitude poderíase estudiar a posibilidade de ampliar o horario de apertura. Ata escoitar a proposta da interesada non tomarán ningunha decisión ao respecto. Engade, que nas fins de semana estase abrindo o museo cando se avisa.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta rexeitada, sendo o sentido da votación o seguinte:

- Votos a favor: cinco (PSdG-PSOE)
- Votos en contra: seis (PP). Pendente de saber a opinión da interesada.
- Abstencións: cero

## DÉCIMO SEGUNDO.- XENDIVE ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DA COUTADA. EN TORNO ACONDICIONAMENTO DO TANQUE DA AUGA. GANCEIROS LIMPEZA CAMIÑOS PÚBLICOS PRINCIPAIAS.

Solicita o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González que se envíe unha brigada para a limpeza destes camiños e se solucione o problema do tanque de auga.

A Sra. Alcaldesa lle contesta que a limpeza de camiños levouse a cabo polo GES e polas brigadas de incendios. O camiño da Coutada está previsto o seu acondicionamento coa pala das brigadas da Deputación. Polo que atinxe ao acondicionamento do tanque da auga de Torno, metérónse as captacións de auga, leváronse a cabo melloras na captación e allanouse a zona do depósito. Negociouse cos veciños a realización destas actuacións a cambio de que aqueles sufragasen o custe da adquisición dun depósito de auga ou arranxar o existente.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña para manifestar que a limpeza de Ganceiros está por facer. A zona de xogos de Pereiro está en mal estado. Propón ao respecto a posibilidade de colocar unha rede para evitar unha posible caída dos nenos, tendo en conta a altura do muro, uns dous metros. Engade que o número de cubos de lixo é insuficiente e que o camiño da Coutada está moi cheo de maleza co correspondente perigo de incendios.


Intervén a Alcaldía para manifestar que a obra do parque dos nenos foi feita pola asociación de veciños, polo que se dará traslado á mesma. Tamén se dará traslado á Deputación a súa proposta en relación cos cubos do lixo. Engade que se está a negociar con Deputación para que presten a maquinaria necesaria para levar a cabo esas actuacións no camiño da Coutada. De feito, xa se está valorando polos técnicos de Deputación.

Engade o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado, que habería que limpar a grava dos camiños para evitar accidentes.

A Sra. Alcaldesa diríxese ao Sr. Concelleiro D. Javier Vieira da Cuña solicitándolle que lle indique os lugares puntuais que precisan contenedores.

A continuación concreta a proposta que se someterá a votación nos seguintes termos:

- Limpeza de camiños: como sempre fai o Concello.
- Camiño da Coutada: limpeza por Deputación.
- Tanque de auga de Torno: concertar próxima reunión do concelleiro cos veciños.





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

**CONCELLO DE LOBIOS**

Rematadas as intervencións, sométese a votación a expresada proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos presentes.

**DÉCIMO TERCEIRO.- GARANTÍAS NA CONTRATACIÓN DE TRABALLO POLO CONCELLO DE LOBIOS.**

O Sr. Veloso González inicia a súa intervención dando lectura a proposta contida no punto décimo terceiro do seu escrito de data 16 de xullo de 2015 que se transcribe a continuación:

**13.- Garantías en la contratación de trabajo por el Ayuntamiento de Lobios.**

Ante la situación creada de crisis y falta de garantías en este Ayuntamiento de Lobios, es necesario que la oposición municipal colabore y fiscalice los contratos que se efectúen por el Ayuntamiento de Lobios, estando presente en todas las decisiones de contratos que se lleven a cabo. Es de dominio público la alarma social generada.

Continúa a súa intervención dicindo que non hai fábricas no Concello que poidan dar postos de traballo. Que a súa idea é que cada vez que haxa un contrato no Concello se lle dea publicidade e que se conte coa oposición. Que non se fagan contratos ilegais. O traballo debe ser preferente para as empresas do Concello. Urxe que se lle dea traslado de todas as cousas relacionadas cos contratos de traballo que descoñecen. Non se pode contratar a dedo sen contar co resto dos veciños. Dentro da legalidade, que se contrate xente que non traballou nunca para o Concello. Dentro da legalidade vixente, deberíase mandar xente ao paro, para poder contratar outra. Que non se prometan postos de traballo a cambio de votos, que iso é cohecho.

Respóndelle a Sra. Alcaldesa que as contratacóns son competencia do concello e os expedientes están a súa disposición.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

María del Carmen Yáñez Salgado

A Secretaria-Interventora

Marta Izquierdo Gamallo